


UNIDADE 8 AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS :EXIPTO.

8. 1. HISTORIA DE EXIPTO:

A civilización exipcia é unha das máis antigas do mundo, e a súa historia esténdese por máis de 3,000 anos. Os antigos exipcios establecéronse ao longo do río Nilo, o que lles permitiu ter acceso a terras fértils para a agricultura.



Períodos principais:

- Antigo Exipto (c. 3000 a.C. - 2181 a.C.): Durante esta era, Exipto unificouse baixo un só rei, coñecido como o faraón. As pirámides de Giza construíronse neste período.
- Medio Exipto (c. 2050 a.C. - 1710 a.C.): Foi un período de estabilidade, onde se expandiron os territorios exipcios.
- Novo Imperio (c. 1550 a.C. - 1070 a.C.): Nesta época, Exipto alcanzou o seu apoxeo, con faraóns como Ramsés II, quen expandiu o imperio, e Tutankamón, coñecido pola súa tumba chea de tesouros.

8.2. A RELIXIÓN EXIPCIA:

Os exipcios eran politeístas, é dicir, crían en moitos deuses. Cada deus tiña un poder específico e estaba asociado con aspectos da natureza ou a vida cotiá. Algúns dos deuses máis importantes foron:

- Ra: O deus do sol, considerado o rei dos deuses.
- Osiris: Deus da vida despois da morte e a resurrección.
- Isis: Deusa do amor, a maxia e a maternidade.
- Anubis: Deus da momificación e protector das tumbas.

VIDEO RELIXIÓN: <https://www.youtube.com/watch?v=6YvCJGPvYFM>

8.3. O RÍO NILO:

O Nilo foi a fonte de vida para Exipto. Este río permitía a agricultura nas terras de Exipto, xa que a súa inundación anual deixaba un chan fértil, ideal para o cultivo de cereais e outros alimentos.

8.4. ORGANIZACIÓN SOCIAL

Ao igual que a maioría das sociedades antigas, a sociedade exipcia estaba moi xerarquizada.

A **minoría privilexiada** estaba composta por:

- O faraón, que era ao mesmo tempo un rei e un deus. O seu poder era absoluto e ocupaba o cume da pirámide social.
- Os nobres, que eran aquelas persoas que posuían grandes cantidades de terra e ocupaban os postos máis altos na administración do Estado. Eran persoas moi próximas ao faraón.
- Os sacerdotes, que eran os encargados do culto aos deuses, pero tamén tiñan enormes posesións de terra
- Os escribas, que eran os funcionarios ocupados en redactar documentos oficiais e levar as contas do Imperio. Contaban con moito prestixio social, porque poucas persoas sabían ler e escribir.

A **maioría non privilexiada** estaba composta por:

- Os artesáns, comerciantes e campesiños, que se dedicaban a oficios manuais, ao comercio ou ao traballo na terra.
- Os escravos, que eran o último escalón da sociedade; traballaban no servizo doméstico, nas minas ou nos campos. Non eran libres porque foran capturados nas guerras. Tamén puideron chegar a esta situación polo impago de débedas contraídas.



8.5. A ARTE E A ESCRITURA:

A arte exipcia era moi detallado e simbólico. As pinturas e esculturas reflectían temas **relixiosos, mitolóxicos e da vida cotiá**.

A escritura xeroglífica


Os exipcios tamén desenvolveron un sistema de escritura chamado **xeroglíficos**, que usaban tanto para escribir en tumbas como en monumentos. Esta escritura era unha mestura de imaxes e símbolos que representaban sons.

VIDEO XEROGLÍFICOS: https://www.youtube.com/watch?v=r_WS1FGm6OA

A arquitectura

As construcións funerarias, eran de diversos tipos:

- **As mastabas:** foron as primeiras tumbas, tiñan pouca altura e forma de pirámide truncada. Destacan a de Ti e a de Sakkara.



Mastaba de Ti



Mastaba de Sakkara

- **As pirámides:** tumbas realizadas superpoñendo varias mastabas, e elaboradas con grandes bloques de pedra. Construíronse de forma laberíntica para evitar os saqueos e pillaxes. Entre as máis coñecidas están as de Keops, Kefrén e Mikerinos; as tres conforman o complexo funerario de Gizeh.




Pirámide de Zoser



Pirámide de Giza

- **Os hipoxeos:** lugares de enterramento escavados na rocha. Foron típicos do Imperio novo e construíronse polos faraóns para evitar ser saqueados tras a súa morte. Os hipoxeos máis representativos son os de Beni-Hassan, o do Val dos Reis e o do Val das Raíñas





Os templos:

Os templos exipcios foron construídos para o culto oficial dos deuses e a conmemoración dos faraóns do Antigo Exipto nas rexións baixo o su dominio. Os templos eran vistos como o fogar dos deuses e dos faraóns deificados a quen eran dedicados, en eles se levan a cabo diversos rituais.



A escultura

A escultura tiña unha finalidade relixiosa ou funeraria. Representaba deuses, faraóns e personaxes destacados.

As figuras son estáticas e ríxidas, cos brazos pegados ao corpo e totalmente inexpressivas. Os exipcios tamén realizaban relevos en madeira e pedra que decoraban as tumbas e as paredes dos templos.



A pintura

A súa finalidade era a de honrar os deuses e os faraóns. Por iso era empregada na decoración dos palacios, nos templos ou nas tumbas. Eran pinturas sen perspectiva, nas que dominaban a frontalidade, a rixidez, a inexpressividade e a idealización do representado.

VIDEO ARTE : <https://www.youtube.com/watch?v=FLik-t7Akel>



8.6. A MOMIFICACIÓN:

A momificación era un proceso complexo para preservar os corpos dos faraóns e persoas importantes, xa que crían na vida despois da morte. Para iso, #extraer os órganos, secábase o corpo e envolvíase en vendas de liño.

VIDEO MOMIFICACIÓN: https://www.youtube.com/watch?v=Hw_FjUtK8_A

8.7. OS FARAÓNS:

Os faraóns eran os líderes e deuses viventes de Exipto. O seu poder era absoluto, e tiñan control sobre a política, a relixión e o exército.

Algúns dos faraóns máis famosos son:

- Cleopatra VII: A última faraona de Exipto, coñecida polas súas alianzas con figuras romanas como Julio César e Marco Antonio.
- Ramsés II: Considerado un dos máis grandes faraóns, coñecido polas súas vitorias militares e a súa longa vida.
- Tutankamón: Famoso non tanto polo seu reinado, senón polo descubrimento da súa tumba, que estaba chea de tesouros.

8.8. A CAÍDA DE EXIPTO:

Exipto foi finalmente conquistado por varias potencias estranxeiras, como os persas, os gregos (con Alejandro Magno) e, máis tarde, os romanos. Despois da morte de Cleopatra, Exipto pasou a ser unha provincia do Imperio Romano no ano 30 a.C.

8.9. LEGADO DE EXIPTO:

O legado de Exipto segue sendo moi influente na cultura moderna.

Os seus avances en matemáticas, arquitectura, medicina e arte seguen sendo estudados e admirados en todo o mundo.

Ademais, os seus mitos, xeroglíficos e monumentos como as pirámides seguen sendo unha fascinación para a humanidade.

